

Pola presente, AGAMME, Asociación Galega contra o Maltrato a Menores, CIF G70266044, domicilio en R/Papa Pío V, Bloque 8, baixo dereita, 15406, Ferrol, A Coruña, inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2010/014150-1(SC) e no RUEPSS, achega:

**ENMENDAS Á PROPOSICIÓN DE LEI, POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR, DE CORRESPONSABILIDADE PARENTAL E DE RELACIÓNS FAMILIARES NO CESE DA CONVIVENCIA.**

AGAMME xa se opuxo perante o Parlamento de Galicia á ILP obxecto de debate debido a que esta entraría en contradición co principio do interese superior do neno e da nena, que debe ser analizado de maneira individualizada en cada caso; porque é innecesaria tendo en conta que a custodia compartida é un modelo que xa está contemplado na lexislación estatal, que os xulgados empregan de maneira habitual; porque supón unha posibilidade de intromisión inustificada dos órganos do estado no ámbito das liberdades individuais; e porque non só non supón un avance na protección das garantías dos nenos e nenas vítimas de violencia no ámbito familiar, senón que produciría unha maior exposición ao risco de revitimización e cronificación da violencia.

A través das seguintes enmendas expresamos concretamente as nosas disensións e propostas de redacción:


**ENMENDA PRIMEIRA. Título da ILP:**

Unha lei que pretenda mellorar a regulación dos procedementos civís en materia de familia, en concreto no tocante á relación dos fillos e fillas con ambos proxenitores debe necesariamente ser un texto que, xa dende o seu título manifeste a súa predisposición a favor dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes que participan neste tipo de procedementos.

Consideramos pois radicalmente inoportuno o título da ILP, que excluría aos fillos e fillas como suxeitos activos no procedemento, que sería -segundo expresaba xa a *Lei Orgánica de Protección Xurídica do Menor* de 1996- o novo paradigma na consideración das persoas menores respecto dos asuntos que lles concirnen, en aplicación dos principios asentados pola Convención de Dereitos da Infancia (Convención, en diante).

Non é acorde ao principio de equidade nin coherente legislar exclusivamente os deberes parentais dende o momento en que se produce a ruptura da parella. Ambos os proxenitores teñen deberes cara os fillos e fillas dende o momento en que nacen.

Propoñemos como título este outro: "Lei de garantías de dereitos fundamentais dos nenos, nenas e adolescentes en procedementos xudiciais".



**ENMENDA SEGUNDA. Exposición de motivos:**

1.- A redacción da ILP ofrece unha lectura parcial da Convención, pois os artigos seleccionados (art. 5 e 18) permanecen na CDN limitados polo principio do interese superior do neno ou nena, en especial o seu dereito a non ser expostos-as a situacións de violencia, extremo que non se fai constar na ILP. Deste xeito semella que os dereitos dos proxenitores sobre os fillos e fillas serían absolutos, o cal sería contrario ao marco normativo internacional, estatal e autonómico en materia de dereitos da infancia. Este punto foi obxecto de recriminación ao Estado Español na resolución da CEDAW no caso González Carreño, polo que cómpre non redundar no erro.

Propoñemos tomar como referencia os dereitos primordiais que o propio Comité de Dereitos da Infancia de Nacións Unidas sinala como piares de todos os demais dereitos sinalados na Convención, que son os seguintes:

- 1.- Dereito á vida, entendido de maneira ampla que contemplaría o dereito a unha vida digna, libre de calquera forma de violencia.
- 2.- Dereito a que se contemple o seu interese superior en todos os aspectos que lle competan.
- 3.- Dereito a seren escoitados e escoitadas e que a súa opinión sexa tida en conta.
- 4.- Dereito non ser obxecto de ningunha forma de discriminación.

Estes son os dereitos que poderían garantir unha participación activa dos nenos, nenas e adolescentes en procedementos xudiciais, polo que son estes catro artigos da Convención (arts. 2, 3, 6 e 12) os que deben asentar os principios reitores da lei.

É preciso facer especial mención na exposición de motivos aos logros normativos da reforma do ano 2015, sinaladamente os contidos da *Lei 4/2015, de 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito* que fan referencia aos dereitos dos nenos e nenas vítimas, incluídos-as os-as que son vítimas indirectas de violencia de xénero, así como os artigos da *Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia* que asentan o interese superior do neno e da nena e o seu dereito a participar en procedementos sobre asuntos que lle concirnen, é dicir ser escoitados-as.

2.- No tocante a lograr maiores cotas de igualdade entre homes e mulleres, o argumento esgrimido na ILP parécenos falaz por dous motivos:

En primeiro lugar, é certo que a muller como colectivo permanece nunha situación de discriminación en todos os ámbitos da vida pública e privada. Consideramos axeitado para un mellor desenvolvemento dos nenos e nenas que ambos proxenitores se impliquen nas tarefas de coidado. Sen embargo o propio título da ILP anúncianos que estamos a falar de asumir coidados logo da ruptura de parella, non dende o nacemento, o cal non parecer ter ningunha

base razoable. Por outra parte, a igualdade real de oportunidades, de consideración social, económica, debería ser perseguida transversalmente nas normativas relativas ao traballo, á educación, etc pero non a través dunha lei relativa a procedementos civís sobre a relación dos fillos e fillas con ambos proxenitores.

En segundo lugar, as medidas que se propoñen na ILP para lograr esa suposta igualdade no só non redundarían a favor das tradicionalmente discriminadas, senón que farían máis profunda a desigualdade naquelas situacións nas que exista violencia, ao habilitarse vías de acción dos organismos xudiciais que serían potencialmente danosas para toda vítima (obriga de cumprir o convenio previo incluída a mediación, obriga de acudir a unha sesión informativa sobre mediación, imposición da custodia compartida).

Unha norma non pode faltar á verdade, non pode partir dun argumento fraudulento. Ou o articulado avoga claramente a favor dos dereitos das vítimas, adoptando unha postura progresista no senso das medidas máis valentes do *Convenio de Estambul* e do Pacto de Estado para a loita contra a violencia de xénero, ou este punto deberá ser eliminado da exposición de motivos.

3.- Os catro principios reitores que se sinalan ao final da exposición de motivos non son acordes aos dereitos da infancia, tal e como están enunciados, e manteñen ao neno, nena ou adolescente nun papel secundario e pasivo, contrario á consideración como suxeito activo de dereitos que defende a Convención e a LOPXM.

Permiten, en cambio, coñecer o trasfondo ideolóxico que se manifesta na ILP e as consecuencias da súa aprobación: afastar do debate a problemática da violencia de xénero e da violencia contra nenos e nenas, sinaladamente a violencia sexual; crear unha ficticia idea de igualdade; o cal nos leva a un escenario no que aquelas vítimas cuxas situacións non se atopen respaldadas por unha sentenza firme se verán obrigadas a cumprir medidas que serán contrarias ao seu interese e aos seus dereitos como tales.

4.- Propoñemos que se inclúa un avance na aplicación do principio do interese superior que se achegue máis ao espírito da Convención. Deste xeito o interese superior do neno, nena ou adolescente partiría de coñecer os indicadores de benestar e a vontade que este-a manifesta. Os tribunais deberán tomar en consideración o manifestado polo neno, nena ou adolescente salvo que sexa contrario ao seu interese superior, que non poderá ser un argumento abstracto e baleiro de referencias concretas e base probatoria sobre o caso en cuestión.

5.- Propoñemos avanzar nun aspecto fundamental no eido da escoita ao neno, nena ou adolescente: a valoración do seu nivel evolutivo. Para a súa determinación os tribunais deberán contar con opinión experta que poderá ser obtida dos centros educativos e dos equipos psico-pedagóxicos autonómicos ou municipais. Os tribunais deberán incluír as conclusións desa valoración na súa argumentación a respecto da toma de decisións sobre aspectos que concirnen ao neno, nena ou adolescente.

### ENMENDA TERCEIRA. Art. 1

No mesmo senso do sinalado con anterioridade, o artigo sitúa ao neno, nena ou adolescente como obxecto, non como suxeito, polo que non é aceptable no marco normativo actual. Debería centrarse nunha perspectiva de dereitos da infancia e adolescencia tendente a:

-promover unha participación activa dos nenos, nenas e adolescentes nos procedementos civís que garanta o cumprimento dos seus dereitos.

-asegurar a protección sempre que existan indicios de situacións de violencia, non necesariamente unha condena penal. Os indicadores poderán ser recabados a través de profesionais do ámbito educativo, sanitario, social, ...

-asegurar a coordinación entre procedementos, de tal xeito que as vítimas se poidan acoller aos seus dereitos tamén no ámbito civil.

-establecer procedementos adecuados para a valoración do nivel de madurez do neno ou nena menor de 12 anos.

-establecer a obriga de transcender ao concepto abstracto de interese superior do neno e da nena, cando este sexa empregado como base para resolucións xudiciais, informes, etc. O interese superior do neno debe ser concretado e argumentado en base a datos concretos do neno, nena ou adolescente en cuestión.

No tocante á mediación, é un recurso que debe poñerse a disposición das persoas que desexen facer uso da mesma, pero ten as súas limitacións dado o potencial risco que supón para as vítimas someterse a mediación coa persoa que exerce a violencia. É preciso ter en conta, entón, a porcentaxe elevada de violencia non denunciada, así como o alto índice de sobresementos en delitos que se cometen no ámbito da familia, debido á dificultade probatoria de certos tipos penais. A mediación precisa partir dun contexto de simetría, no momento en que esta non existe a mediación deixa de ser útil e inocua.

Non é adecuado considerar a custodia compartida como a que responde mellor ao interese superior do neno e da nena. A custodia compartida é un modelo de custodia que poderá ser estudada entre os outros modelos de custodia cando se analiza o réxime de relación dun neno, nena ou adolescente con ambos proxenitores. Non existe un modelo prioritario de custodia, existen modelos de custodia, entre os cales os tribunais deben determinar cal se axusta mellor ás necesidades de cada neno, nena ou adolescente. O interese superior non pode ser un interese xeral, senón que ten que ser analizado en cada caso concreto, como establece o Comité dos Dereitos da Infancia, de Nacións Unidas. Cómpre ter en conta a recomendación da CEDAW ao Estado Español no ano 2015 respecto a que "non debe aprobar leis de custodia compartida preferente".

### **ENMENDA CUARTA. Art. 2**

1.-Como nas enmendas anteriores, o articulado céntrase na imposición da custodia compartida, o cal non pode ser acorde ao contexto normativo que considera ao neno, nena e adolescente suxeito activo e que establece que o interese superior será analizado en cada caso concreto.

2.-O neno, nena ou adolescente non só será oído, senón que se lle escoitará e a súa opinión deberá ser tida en conta (LOPXM, CDN). O tribunal que resolva en contra da vontade do neno, nena ou adolescente deberá argumentar baseándose exclusivamente no seu interese superior, concepto que non poderá ser empregado en abstracto, senón que terá que concretarse a través de probas e indicadores.

Ademais o nivel evolutivo e de madurez poderá ser informado a través dos equipos de orientación dos centros educativos públicos ou dos equipos psicopedagóxicos públicos, municipais ou autonómicos. Estes informarán sobre:

- a capacidade de comprensión do neno ou nena,
- o seu nivel de expresión oral,
- posibles limitacións que poidan existir nalgunha área do desenvolvemento que afecte á comunicación e que requira unha adaptación do recurso que se empregue para realizar a escoita,
- a súa capacidade para expresar ideas propias

3.-O apartado 3 do artigo deberá incluír as excepcións, 1) agás que sexa contrario ao interese superior do fillo ou filla; 2) nunca en situacións de violencia (pois en caso contrario se establecería xudicialmente unha vía para o control da vítima por parte do vitimario).

### **ENMENDA QUINTA. Art. 3**

Este artigo debe ser eliminado por entrar completamente en contradición coas liberdades das persoas e por supoñer un risco para as vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas, así como para os nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia no ámbito familiar. O artigo racha todas as previsións de protección das vítimas e sitúaaas nun contexto de máxima vulnerabilidade. Tanto no caso de que o acordo se tivese asinado antes da aparición dunha situación de violencia, que se manifestase con posterioridade, como no caso de que a vítima tivese asinado o acordo unha vez iniciada a conduta violenta, o contexto que se crea neste4 artigo debe ser evitado a toda costa.

Por outra banda cómpre lembrar que os fillos e fillas deben poder participar na toma de decisións sobre aspectos que lles competen, polo que en ningún caso se pode tratar dun acordo a dúas bandas.

#### **ENMENDA SEXTA. Art. 4**

1.-Rexeitamos o termo “coparentalidade”, pois establece un nexo de unión entre os proxenitores que en determinados casos pode ser prexudicial, cando exista un contexto violento. O actual termo “convenio regulador” define plenamente a natureza do documento en cuestión.

2.-Os redactores volven situar ao neno, nena ou adolescente como mero obxecto sobre o que se toman decisións. Sinaladamente o último parágrafo non contempla que haxa que ter en conta a súa opinión para establecer réximes de comunicación con outros familiares e persoas achegadas.

En todo o tocante ao réxime de comunicacións do neno, nena ou adolescente con familiares e persoas achegadas debe primar o seu interese superior que parte necesariamente, como sinala o Comité de Dereitos da Infancia na súa Observación Xeral nº 12, de coñecer a súa vontade. Ao respecto cómpre salientar que, se ben existe un dereito do neno, nena ou adolescente a manter relación con ambos proxenitores e con outros familiares, isto non pode ser transformado nunha obriga que lle pode ser imposta en contra da súa vontade.

O texto debe facer constar que “ningún neno, nena ou adolescente será obrigado-a a manter relación con ambos proxenitores, con outros familiares ou persoas achegadas en contra da súa vontade. Por tal motivo non poderá ser empregada nin a forza, nin a coacción, nin o uso do internamento en centro de menores ou recursos similares para resolver eventuais negativas que o neno, nena ou adolescente poida presentar. Neste caso empregarase o diálogo para coñecer as motivacións que levan a ese rexeitamento e resolver, se é posible sen socavar o seu interese superior, o conflito.

Especialmente ningún neno ou nena será obrigado-a a manter relación co proxenitor-a cando:

-Exista unha investigación por presuntos delitos de violencia de xénero, violencia doméstica ou violencia sexual, incluído o abuso sexual infantil.

-O neno ou nena experimente temor cara ao proxenitor-a.

-O réxime de relación, ou a idea de ter que cumprilo, cause un deterioro no estado de saúde física, psíquica, emocional ou social do neno ou da nena.

O neno ou nena recibirá medidas de protección sempre que:

-O proxenitor-a estea sendo investigado-a por un presunto delito de violencia de xénero, violencia doméstica ou violencia sexual, incluído o abuso sexual infantil.

- Exista sentenza condenatoria por algún destes delitos.

- Se observe un risco para o seu benestar.”

#### **ENMENDA SÉTIMA. Art. 5**

A mediación familiar en ningún caso poderá ser obrigatoria. Será un recurso ao que será posible acudir voluntariamente, pero deberá evitarse toda inxerencia na toma de decisións dos proxenitores respecto da utilización ou non do mesmo.

Non é adecuada tampouco a sesión informativa obrigada sobre a mediación familiar.

O motivo é que, en situacións de violencia -tanto se esta foi denunciada como se non- a sesión de mediación é un contexto onde a vítima é moi vulnerable, xa que se lle considera en condicións de igualdade respecto do vitimario e non se contempla a súa necesidade de protección. Isto afecta aos fillos e fillas tanto se estes son vítimas directas como se o son indirectamente.

Só o punto 3 está redactado de maneira axeitada.


#### **ENMENDA OITAVA. Art. 6**

1.-De novo o artigo xira arredor do establecemento prioritario da custodia compartida, cuestión que xa argumentamos máis arriba como inadecuada e non recomendada por Nacións Unidas, no informe do CEDAW do ano 2015.

2.-A redacción do apartado 2, debería ser como segue:

“Ditas medidas terán como finalidade:

- a) Asegurar o maior beneficio para os fillos e fillas, en cumprimento dos seus dereitos fundamentais.
- b) Garantir a continuidade e efectividade do mantemento dos vínculos dos fillos e fillas menores con cada un dos proxenitores, irmáns e irmás, avós e avoas, outros parentes e persoas achegadas, agás nos casos nos que isto fose contrario á vontade do neno, nena ou adolescente ou ao seu interese superior.
- c) Evitar perturbacións danosas para os fillos e fillas, especialmente a exposición a calquera forma de maltrato, sexa directa ou indirectamente.”



3.-O apartado 4 deberá ser matizado para contemplar aquelas situacións nas que o incumprimento está causado por negativa do neno, nena ou adolescente.

"4. O incumprimento grave ou reiterado das medidas aprobadas ou acordadas xudicialmente poderá dar lugar á súa modificación ou a esixencia do seu cumprimento de acordo co previsto nas normas de execución xudicial, agás naqueles casos nos que sexa o neno, nena ou adolescente quen se resista ao cumprimento do réxime de comunicación, visitas e/ou estancia. Nestes casos promoverase o diálogo para coñecer as motivacións para ese rexeitamento. Poñerase especial atención ao recoñecemento de indicadores de maltrato, por se esta fose a causa da actitude do fillo ou filla."

#### ENMENDA OITAVA. Art.7

1.-Reiteramos o inadecuado de inclinar a balanza a favor dun modelo de custodia.  
Por ese motivo, no apartado 1 a expresión "custodia compartida" deberá ser substituída por "o modelo de custodia que considere máis acorde ao interese superior do neno, nena ou adolescente".

2.- No apartado 3 a redacción deberá ser:

"3. A autoridade xudicial adoptará o modelo de custodia e réxime de comunicación e/ou visitas que mellor responda ao interese dos fillos e fillas menores de idade tendo en conta o convenio regulador que presentase cada un dos proxenitores, e atendendo, ademais, aos seguintes factores:

- a) A opinión dos fillos e fillas que, unha vez valorado o nivel evolutivo e en sentido directamente proporcional ao mesmo, deberá ser considerada un elemento primordial na toma de decisións sobre o xeito en que o neno, nena ou adolescente se relacionará en diante cos seus proxenitores e outros familiares e persoas achegadas.
- b) A actitude de cada un dos proxenitores para asumir os seus deberes, atender ás necesidades dos fillos e fillas e respectar os seus dereitos, tomando en consideración as súas opinións sobre aspectos que afectan á súa vida.
- d) A aptitude e vontade dos pais para asegurar a estabilidade dos fillos e fillas, e conseguir que medren nun ambiente que permita a súa formación e educación axeitadas.
- e) O arraigo social, escolar e familiar de fillos e fillas.
- f) As posibilidades de conciliación da vida familiar e laboral de cada proxenitor.
- g) Calquera outra circunstancia de especial relevancia para o réxime de convivencia. Neste suposto fixarase un réxime de comunicación, estancias ou visitas co outro proxenitor que lle garanta o exercicio das funcións propias da responsabilidade parental e contacto habitual, salvo que sexa contrario á vontade do fillo ou filla ao ao seu interese superior. Así mesmo establecerase un réxime de comunicación con avós e familia extensa do e da menor, sempre e cando non entre en contradición coa vontade do neno, nena ou adolescente ou co seu interese superior."

3.-O apartado 4 incurre nun "erro" ao considerar que os servizos de mediación familiar poden redactar informes que é posible aportar como proba no procedemento civil no que se decide o



réxime de custodia, estancias e comunicación dos fillos e fillas con ambos proxenitores e outros familiares.

En primeiro lugar, se o servizo de mediación quere ser realmente un mecanismo de resolución de conflitos, non pode ser empregado como proba no procedemento.

En segundo lugar, este punto, unido ao contido do apartado 3.b deste mesmo artigo, converterían o equipo de mediación nunha arma xudicial contra aquelas persoas que, en contextos de violencia sen existencia de sentenza condenatoria, presenten reticencias a que se establezan réximes de custodia ou visitas non tutelados cos fillos e fillas e o outro proxenitor. É o que algún autores denominan "kind parent", unha versión suave da chamada (suposta) síndrome de alienación parental: promover a custodia a favor daquel proxenitor que se presente máis facilitador do contacto dos fillos e fillas co outro proxenitor. Evidentemente, quen denuncia violencia de xénero ou violencia contra os fillos e fillas, ou quen non o denuncia pero coñece a existencia desta realidade, non é previsiblemente un proxenitor-a facilitador-a. Debe ser eliminado, polo tanto, o contido relativo aos informes dos servizos de mediación familiar.

4.-O apartado 5 é innecesario, xa que non aporta nada novo á regulamentación actual a nivel estatal.

5.-No apartado 7, tomar como referencia a normativa relativa ao transporte escolar, que xa foi moi discutida no momento da súa aprobación, pola carga excesiva que supuña o tempo dalgúns desprazamentos que a lei contempla, non é adecuado nin proporcionado.

#### **ENMENDA NOVENA. Art. 9**

1.-O artigo deberá constar dun parágrafo introdutorio que especifique que se considera réxime de visitas e comunicación máis axeitado dos fillos e fillas con ambos proxenitores aquel que lle permita manter contacto habitual e frecuente con ambos, agás que sexa contrario á vontade do fillo ou filla ou ao seu interese superior.

2.-O apartado 4 deberá centrarse nos fillos ou fillas e no seu benestar. A súa redacción deberá ser:


"4. Limitarase ou suspenderase o réxime de comunicación ou estancia no caso de que:

- a. as condicións nas que se producen as mesmas non garantan o benestar e estabilidade do neno, nena ou adolescente
- b. O neno, nena ou adolescente presentase negativa a manter a comunicación ou estancia nas condicións establecidas por sentenza."

3.-Os apartados 5 e 6 son frontalmente opostos aos avances normativos en materia de protección de vítimas a nivel internacional. PROpoñemos a seguinte redacción:

"5. Non procederá atribuír a garda e custodia dos fillos e fillas nin un réxime de comunicación ou estancia respecto a elas ou eles:

- a. Á persoa proxenitora que fora condenada penalmente por un delito de violencia doméstica ou de xénero contra o outro membro da parella ou por calquera forma de violencia cometida contra os fillos e fillas, ou violencia sexual non necesariamente no



ámbito familiar. Unha vez extinguida a responsabilidade penal priorizarase a seguridade e a protección das vítimas, no caso de que fose desexo dos fillos e fillas manter relación co proxenitor condenado. Se fose así estableceríanse mecanismos de protección que permitisen ese contacto sen abandonar a protección, en función do risco de reincidencia e o tipo penal. No caso de delitos cunha moi elevada taxa de reincidencia, como os de tipo sexual, non se permitirá ningún contacto non tutelado. Deberá tramitarse, en calquera caso unha valoración do risco previa á toma de decisión.

b. Á persoa proxenitora que estea a ser investigada ou xulgada por un delito de violencia doméstica ou de xénero contra o outro membro da parella ou por calquera forma de violencia cometida contra os fillos e fillas, ou violencia sexual non necesariamente no ámbito familiar.

c. Á persoa proxenitora coa que conste por medios probatorios que os fillos e fillas non desexan manter contacto. Neste caso habilitaranse vías de diálogo co neno, nena ou adolescente para coñecer a súa motivación e poñerase especial atención á detección de indicadores de maltrato en calquera dos ámbitos profesionais relacionados cos fillos e fillas (educación, sanidade, servizos sociais,...).

6. A autoridade xudicial poderá establecer se o considera conveniente e beneficioso para o menor atendendo á gravidade do delito cometido, á natureza e duración da pena fixada, á reincidencia e perigosidade da persoa proxenitora, un réxime de estancia, relación ou comunicación respecto dos seus fillos ou fillas. Esta medida non será tomada en ningún caso cando os delitos dos que se trate sexan relativos a violencia doméstica ou de xénero contra o outro membro da parella ou por calquera forma de violencia cometida contra os fillos e fillas ou violencia sexual non necesariamente no ámbito familiar."

#### **ENMENDA DÉCIMA. Art. 10**


Este artigo debe ser eliminado porque, ou non aporta novidades ao contexto legislativo existente, ou introduce contidos problemáticos, como o relativo á obriga de abandonar a vivenda pasados dous anos (cunha prórroga doutros doce meses como límite), cando esta fose deixada en usufruto ao proxenitor con dificultades para acceder a un novo domicilio;

Que a prórroga deba ser tramitada como procedemento de modificación de medidas definitivas; que a persoa proxenitora que faga uso da vivenda a causa de dificultades para adquirir un novo domicilio deba abandonar o inmovible en caso de matrimonio ou convivencia cunha parella estable.

#### **ENMENDA UNDÉCIMA. Disposición transitoria.**

A lei non debe ter carácter retroactivo. Sería inxustificable, salvo que existise unha modificación substancial da situación relativa ao neno, nena ou adolescente en cuestión, tal e como contempla a lei, revisar todos os procedementos civís nos que unha das partes ou a Fiscalía o soliciten, coa evidente saturación dos xulgados que isto produciría.

Non é aceptable tampouco pretender someter de novo aos fillos e fillas, sen causa xustificada nunha modificación das súas circunstancias, a novos procedementos, con todo o desgaste psíquico que isto supón.



Polo tanto esta disposición debe ser eliminada.

#### **ENMENDA DUODÉCIMA. Disposición adicional nº2**

Como xa se argumentou, non é adecuado considerar a custodia compartida como o modelo preferente, polo que non debe constar esta disposición nº 2. No seu lugar podería sinalarse a necesidade de ofrecer recursos e información aos proxenitores-as sobre parentalidade positiva e sobre respecto dos fillos e fillas que deberán ser considerados dentro da familia como suxeitos activos e activas.

#### **ENMENDA DECIMOTERCEIRA. Disposición adicional nº 3**

A Convención dos Dereitos da Infancia establece no seu artigo 4 o deber do Estado de contribuír ata o máximo dos seus recursos en cubrir as necesidades materiais daquelas familias que non teñan os medios suficientes.

A disposición adicional nº3 da ilp é radicalmente retrógrada na consideración dos coidados parentais, que parecen limitados a coidados materiais. Cando as familias se atopen en serios problemas para cubrir as necesidades materiais, por exemplo o acceso á vivenda, a administración deberá ofertar recursos públicos que permitan manter a convivencia dos fillos e fillas coa súa familia.

Polo tanto, esta disposición debe ser eliminada ou substituída por outra que faga constar o deber do Estado de garantir ao neno, nena ou adolescente o acceso a unha vivenda e o seu dereito a permanecer coa súa familia, salvo que sexa contrario ao seu interese superior.

#### **ENMENDA DECIMOCUARTA. Proposta dun artigo sobre o dereito do neno, nena ou adolescente a ser escoitado-a**

##### **Dereito do neno e da nena a ser escoitado-a**

Este é un dos dereitos piares da Convención, que o Comité de Dereitos da Infancia sinala como un dos puntos fundamentais sobre os que debe descansar a consideración do interese superior do neno, nena ou adolescente. Propoñemos o seguinte artigo, que avanzaría na aplicación deste principio:

“O neno, nena ou adolescente deberá ser escoitado-a sempre que o desexe antes, durante o procedemento ou ao longo da aplicación do réxime de custodia e/ou visitas.

Deberá ser escoitado-a sempre cando presente negativa ao cumprimento dalgunha das partes do convenio que regula a relación cos proxenitores e/ou con outros familiares.

O neno, nena ou adolescente será escoitado-a e a súa opinión será observada salvo que iso supoña un prexuízo para a súa integridade ou benestar, en cuxo caso o risco deberá ser adecuadamente xustificado e probado.

O nivel de madurez do neno ou nena menor de 12 anos poderá ser informado a través do seu profesorado, equipos de orientación do centro educativo, equipos psicopedagóxicos municipais, psicólogo-a clínico-a que estea ofrecendo atención psicolóxica. Actuarase polo principio de mínima intervención: en caso de que algún destes servizos poida aportar a información, evitárase unha intervención específica.

Deberanse evitar prexuízos devaluadores da palabra do neno ou da nena. Toda valoración do seu testemuño deberá ser rigorosa e aterse ao cientificamente probado. Non se permite o emprego de etiquetas devaluadoras carentes de base científica recoñecida pola comunidade internacional ou que non constan nos sistemas de diagnóstico internacionais. Os profesionais terán a obriga de cingirse ás ferramentas diagnósticas recoñecidas pola comunidade científica internacional e ás categorías que contemplan os dous sistemas de recompilación de enfermidades mentais a nivel mundial: CIE e DSM.

Deberanse prohibir explicitamente o uso de expresións que o neno ou nena poida experimentar como presións ou coaccións para facer efectivo un determinado réxime de visitas ou custodia. As eventuais dificultades que se presenten resolveranse por medio do diálogo co neno ou nena, tendo especial sensibilidade ante posibles indicadores de maltrato infantil, incluída a violencia de xénero. Ningún neno ou nena será sometido a terapia co obxecto de conseguir mudar a súa vontade. Este tipo de práctica considérase contrario ao dereito do neno e da nena a ser escoitado-a e ao seu interese superior.

O proceso de escoita do neno, nena ou adolescente debe garantir un espazo libre de presións, empático e amable.

Prohíbese o internamento de nenos e nenas en centros de menores e outras institucións como medida para lograr que acepten réximes de relación cos seus familiares.

Cando exista unha vía penal aberta relativa a feitos que concirnen ao neno, nena ou adolescente directamente ou indirectamente, adoptaranse no acto de escoita do neno, nena ou adolescente as medidas de protección que contempla a Lei do Estatuto da Vítima do Delito.

**ENMENDA DECIMOQUINTA. Proposta de artigo sobre a formación de profesionais en materia de violencia de xénero e violencia contra a infancia, sinaladamente o abuso sexual infantil.**

Toda regulación dos procedementos civís de familia no tocante á custodia, estancias e comunicación dos fillos e fillas cos proxenitores e outros familiares, debe partir dunha análise ampla e rigorosa arredor da violencia intrafamiliar, co obxecto de non introducir prácticas xeralizadoras que dificulten a busca de protección das vítimas. Neste senso, partindo das advertencias de diversos organismos estatais e internacionais a respecto da dificultade das vítimas para ser cridas en situacións de violencia no ámbito familiar, de xeito sinalado a

violencia de xénero e o abuso sexual infantil, é preciso abandonar actitudes prexuzosas e teorías non apoiadas cientificamente que atacan infundadamente a validez dos testemuños das vítimas, non só na vía penal senón tamén nos procedementos civís.

Neste eido, toda a normativa internacional de referencia sinala como primordial a formación de profesionais dos distintos campos que interveñen no procedemento no que participa un neno, nena ou adolescente, especialmente se se trata dun posible contexto de violencia.

O artigo faría constar que:

“Ningún neno, nena ou adolescente vítima poderá ser atendido nin no ámbito da xustiza penal, nin da xustiza civil, nin da administración, por profesionais que non teña formación debidamente xustificada en materia de:

- a. Dereitos da infancia
- b. Dereitos da vítima
- c. Xustiza adaptada á infancia
- d. Violencia de xénero
- e. Maltrato infantil (indicadores de maltrato e características do testemuño infantil de feitos traumáticos)”

#### **ENMENDA DECIMOSÉTIMA. Proposta de artigo sobre o dereito á información**

*A Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia contempla o dereito dos nenos, nenas e adolescentes a recibir información. Por ese motivo a lei debe incluír un artigo que sinala ese dereito.*

“Desenvolveranse programas para favorecer que os nenos, nenas e adolescentes reciban información fidedigna sobre os seus dereitos fundamentais e os mecanismos dos que dispoñen para reclamar o seu cumprimento ou notificar a súa vulneración”.

#### **ENMENDA DECIMOITAVA. Proposta de artigo sobre I+D+I**

“Estableceranse programas de estudo e divulgación en colaboración coas Universidades para mellorar o coñecemento respecto de cuestións relacionadas coa infancia que son relevantes no contexto desta lei:

- Vitimización infantil
- A recollida do testemuño infantil
- Detección de indicadores de maltrato infantil nos ámbitos da educación, sanitario, social, ...
- Divulgación dos dereitos da infancia e a súa relevancia no ámbito xudicial e administrativo
- Xustiza adaptada á infancia”


### ENMENDA DECIMONOVENA

Realizarase unha estatística anual autonómica na que se reflectirán os datos sobre procedementos civís sobre asuntos concernentes a nenos, nenas e adolescentes, facendo constar na mesma, entre outros aspectos, o mecanismo de escoita que se adoptou, se existía conexión con procedementos penais paralelos, se se adoptaron medidas de protección do neno, nena ou adolescente no acto de escoita, etc.

Quedan pois expostas as enmendas da nosa asociación á ILP obxecto de debate.

Atentamente:

A Coordinadora

  
CIF: B70266044  
agammeferrol@gmail.com

Ferrol, a 31 de xaneiro de 2018-02-01

SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA